

1 Completa o texto coas palabras das etiquetas:

- A **saúde** é un estado de benestar **físico**, mental e **social**
- Na saúde inflúen as características **persoais**, o **contorno**, o estilo de vida e a atención **sanitaria**
- A enfermidade é a **carenzia** de saúde. As enfermidades poden ser **infecciosas** e non infecciosas.

2 Os debuxos da táboa corresponden a microorganismos infecciosos. Identifícaos e complétaa.

	Microorganismo	Enfermidades que provoca
 Protozoo Malaria, toxoplasmose
 Virus Gripe, rubéola, sida, hepatite
 Bacteria Meninxite, tétano
 Fungo Gripe, rubéola

3 Escribe as seguintes enfermidades onde corresponda.

..... **Malaria, hepatite**

..... **Diabetes, anorexia, cancro**

4 Son saudables estes hábitos? Escribe SI ou NON segundo corresponda. Despois corrixe os hábitos pouco saudables.

NON Durmir seis horas.

NON Comer tres veces ao día.

SI Protexer a pel do sol con cremas solares.

SI Respirar aire limpo sempre que poidamos.


NON escoitar a música a un volume moi alto para oíla mellor.

• Durmir entre 8 e 10 horas.

• Comer cinco veces ao día.

• escoitar a música a un volume moderado.

5 Relaciona e une con frechas.



6 Elixe a opción que corresponde.

• A nicotina que ten o alcohol tabaco causa adicción.

• O alcohol dana fundamentalmente o fígado os pulmóns .

• O tabaco é o principal causante de cancro de fígado pulmón .

• A adicción ás tecnoloxías provoca illarse de relacionarse con familia e amigos.

Nome: Data: Curso:

1 Busca na sopa de letras as seguintes enfermidades infecciosas:

Dermatite

Rubéola

Gripe

Malaria

Meninxite

É	M	A	T	O	Z	I	Ó	N	A	T
D	D	E	R	M	A	T	I	T	E	X
C	A	T	U	R	O	M	B	I	P	É
O	V	O	B	A	L	Á	Ñ	O	M	G
S	O	M	É	M	A	S	O	Q	Í	R
Á	T	S	O	A	M	A	M	E	R	I
S	A	L	L	O	P	S	T	I	O	P
T	S	M	A	L	A	R	I	A	M	E
O	A	T	Á	L	O	F	Ó	I	R	A
M	E	N	I	N	X	I	T	E	Z	M

2 Clasifica as enfermidades da actividade anterior.

- Enfermidade producida por un virus: Rubéola
- Enfermidade producida por un fungo: Dermatite
- Enfermidade producida por unha bacteria: Tétano
- Enfermidade producida por un protozoo: Malaria

3 Escribe Síntoma ou Signo segundo corresponda:

- A dermatite produce próiido. ▶ Síntoma
- A malaria produce febre. ▶ Signo
- A meninxite produce, por exemplo, febre, arrepíos e vómitos. ▶ Signo
- O tétano produce rixidez muscular. ▶ Signo
- A gripe produce dor de cabeza e muscular. ▶ Síntoma

4 Sinala os factores que axudan a previr enfermidades.

Contaminación

Campañas de vacinación

Exercicio físico

Hixiene

Pobreza

Escaseza de auga

1 Observa a conversa entre estes amigos:



- Que personaxe adopta un hábito máis saudable? **Antía** Por que? **Porque realiza deporte.**
- Que consello lle darías a Paulo? **Resposta tipo: Que faga máis deporte e se relacione cos amigos en vez de xogar tanto coa videoconsola, e tamén que sente correctamente.**
- Que consecuencias pode ocasionar a adicción ás novas tecnoloxías? **Illarse das relacións familiares e de amigos.**
- Paulo xoga demasiado coa videoconsola. A que outros aparatos tecnolóxicos se pode ter adicción? **Resposta tipo: Ao móbil, ao ordenador...**
- Que lle aconsellarías a Xulia? **Que escoite a música a un volume máis baixo para non danar os oídos.**

2 Debuxa tres viñetas nas que representes tres hábitos saudables:

Resposta libre.

Resposta libre.

Resposta libre.

Nome: Data: Curso:

En ocasións contraemos enfermidades e hai que tratalas para poder curar, pero outras veces podemos evitar enfermarse se nos vacinamos.

A primeira vacina inventouna o médico británico Edward Jenner en 1796. Unha vacina é un preparado con virus ou bacterias mortos ou debilitados. Este preparado introdúcese no organismo por medio dunha inxección ou bebida. A finalidade das vacinas é crear inmunidade, é dicir, que se ese virus ou bacteria chega á persoa vacinada, esta o destruíra antes de desenvolver a enfermidade.



Hai vacinas que abonda con poñer unha vez na vida; outras, en cambio, cómpre poñelas periodicamente, como é o caso da vacina da gripe.

Grazas ao uso das vacinas moitas enfermidades do pasado se controlaron e incluso practicamente desapareceron, como o xarampón ou a varicela. Cada ano as vacinas salvan entre 2 e 3 millóns de vidas de nenos; aínda así, unha quinta parte dos nenos de todo o mundo segue sen ter acceso a elas por carencia de recursos.

1 Contesta:

- Vacinácheste algunha vez? **Resposta libre.** Canto hai que che puxeron a última vacina?

Resposta libre.

Foi mediante unha inxección ou bebida? **Resposta libre.**

- Para que serven as vacinas? **Para previr algunhas enfermidades.**
- Quen inventou a primeira vacina? **Edward Jenner.**
- Que significa que unha vacina crea inmunidade na persoa? **Que o virus ou a bacteria que chega á persoa vacinada será destruído antes de desenvolver a enfermidade.**

2 Para cales destas enfermidades existe vacina comercializada? Busca en internet e rodea.

Malaria

Rubéola

Tétano

Diabetes

3 Que farías ti para que todas as persoas do mundo tivesen acceso ás vacinas?

Resposta libre.


Cando a túa nai estaba embarazada de ti, probablemente lle fixeron ecografías, e se algunha vez te mancaches nunha perna ou nun brazo e fuches ao hospital, seguramente che fixesen unha radiografía.

As radiografías, as ecografías e as resonancias magnéticas son probas diagnósticas que permiten aos médicos ver o interior dos pacientes sen ter que operalos. Cada unha utiliza tecnoloxías diferentes.


As radiografías permiten obter unha imaxe interna dos órganos utilizando raios X. Os raios X atravesan os órganos pero non os ósos, polo que os ósos quedan gravados en branco. Os médicos non poden abusar das radiografías, xa que os raios X son radiacións prexudiciais. Utilízanse principalmente para ver fracturas de ósos.

As ecografías permiten observar partes internas do corpo humano utilizando un tipo de ondas sonoras que o noso oído non pode percibir. Permiten ver o corazón, os riles ou o fígado. Ás mulleres embarazadas realízanlles estas probas para facer o seguimento do feto.

As resonancias permiten ver a imaxe dun paciente utilizando ondas de radio moi potentes. Nunha resonancia obtéñense decenas ou centenas de imaxes, segundo requira o médico. Utilízanse para detectar problemas no cerebro, pulmóns, corazón, etc. Actualmente é a proba que máis información achega ao médico.



1 Observa estas imaxes e contesta:



- A imaxe **1** é unha ecografía, que ves? Un feto.
- As imaxes **2** e **3** corresponden á cabeza dunha persoa, unha é unha radiografía e outra unha resonancia.

Cal corresponde a cada unha? Explica por que. A 2 é unha radiografía e a 3 é unha resonancia magnética.

Resposta tipo: Na radiografía só se aprecian os ósos, mentres que na resonancia se aprecia o interior do cranio.

- Que proba diagnóstica cres que fai un estudo máis completo? Por que? Resposta tipo: A resonancia magnética, porque con ela se obteñen moitas máis imaxes da parte do corpo que se quere estudar.